

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 27/05/2024

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

LINO MOURIÑO SANTIAGO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SONIA OUTÓN CASAL

PAOLA MARIA MOCHALES

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 27/05/2024 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 20 de maio de 2024, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

MANUEL FRANCO LEIS

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/1747

Dáse conta do escrito presentado por Supervision y Control, S.A. en relación á dificultade de acceso dos vehículos de grandes dimensións para entrar ao seu recinto, solicitando anulación de prazas de estacionamento. A Xunta de Goberno Local acorda comunicar a Supervision y Control, S.A, que poden ampliar a entrada do acceso ao recinto para facilitar a manobra aos vehículos de grandes dimensións, e dese xeito non se eliminarían prazas de estacionamento.

PRP2024/1932

Dáse conta de escrito presentado por Don Ramón González Muñiz, solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para discapacitados na rúa Abeleira.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que na citada rúa non existe ningunha praza de discapacitados nin na rúa próxima.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de discapacitados na rúa Canteira, xa que na rúa Abeleira non é posible debido á súa estreitez.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro Rubianes).

PRP2024/1972

Dáse conta do escrito presentado por Dona Sabela Mosteiro Otero e/n AAVV Carril, de queixas polo estado de abandono no que se atopa a zona da antiga fábrica da Rosa. A Xunta de Goberno Local acorda remitir o escrito á empresa concesionaria de limpeza Urbaser, para que realice unha recollida de lixo na citada zona.

PRP2024/1981

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Cultural O Castro, solicitando autorización para colocar dúas pantallas de 1.7x3 metros na praza de O Castro, o día 1 de xuño de 2024, en horario de 21:00 a 00:00 horas, con motivo do partido de fútbol do final da Champions league.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/1923

Dáse conta do escrito presentado polo Servizo Provincial de Costas, solicitando colaboración para retirada de flotador de batea de gran tamaño, arrastrado á costa polo efecto da marea situado na punta do Bau Carril. A Xunta de Goberno Local acorda comunicar ao Servizo Provincial de Costas que deberán indicar onde se trasladará o residuo para poder á súa retirada.

PRP2024/1970

Dáse conta do escrito presentado por Duque Cafe Bar CB, solicitando autorización para colocar dúas pantallas de televisión nos locais Abadia do Duque e Bar Duque, o día 1 de xuño de 2024, en horario de 20:00 a 00:00 horas, con motivo do partido de fútbol do final da Champions league.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2024/1989

Dáse conta do escrito do Club Arousa Bike, no que solicita para a celebración da COPA GALICIA PUMP TRACK, o vindeiro día 1 de xuño do presente ano (acompaña percorrido), o seguinte:

- Autorización do Concello para a súa celebración.

- Peche da Rúa Bubela e Rúa Florida de 10:00.00:00 horas.
- Cesión de 3 carpas, 3 mesas, 6 cadeiras e 100 valados, así como de 2 sopladores de 2 escobóns para manter o circuíto limpo.
- Avituallamento para os participantes no evento (500 botellíns de auga).
- Cesión dun equipo de son.
- Publicidade institucional da Fundación de Deportes e do Concello
- Elaboración da cartelería do devandito evento.
- Elaboración de sinais para indicar parking da proba, autocaravanas, escolas,...
- Concesión de 73 trofeos para os participantes no evento.
- A colaboración da Policía Local e Servizo de Protección Civil.
- Servizo de speaker e DJ, para a animación do evento.
- Servizo de foodtrack.
- Servizo de ambulancia medicalizada.

Dáse conta da seguinte Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais:

1.- Remitir a solicitude do Club Arousa Bike de autorización do percorrido da COPA GALICIA PUMP TRACK á Xunta de Goberno Local, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

2.- Aprobar a cesión da publicidade institucional da Fundación de Deportes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

3.- Aprobar a colaboración da Fundación de Deportes cos servizos e subministros que a continuación se relacionan no desenvolvemento do evento, asumindo os gastos con cargo ao orzamento da Fundación e, para os que se solicitaron os seguintes presupostos:

- Servizo de ambulancia medicalizada, solicitando presuposto á empresa AMBULANCIAS BANDE, S.L. por importe de 1.200,00 €.
- Servizo de Speaker, solicitando presuposto a D. ABRAHAM MARTÍNEZ GONZÁLEZ, por importe de 190,80 €.
- Adquisición 72 trofeos para a entrega aos participantes no evento, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe total de 558,00 €.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Departamento de Obras, a cesión de 2 carpas, 3 mesas, 6 cadeiras e 100 valados.
- Departamento de Alumeado, punto de conexión eléctrica para conectar o camiión.
- Concellería de Seguridade Cidadá e Protección Civil, para a súa colaboración do Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil e Policía Local no desenvolvemento do evento.
- Area de Comunicación, a súa petición da elaboración da cartelería do devandito evento.
- Concellería de Turismo, a petición do aluguer dun camiión escenario con sonido, iluminación e pantalla LED con animación e DJ, para a animación do evento.

5.- Comunicarlle ao citado Club que deberá encargarse da xestión e contratación do Food Track, da adquisición do avituallamento dos participantes, dos sopladores e dos escobóns, así como dos gastos derivados da Federación Galega de Ciclismo no relativo ao pago do canón e xuíces polo desenvolvemento da proba.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade evento (data

límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

- A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil
- A póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, ou no caso de ser unha competición oficial, o certificado da federación correspondente conforme autoriza o desenvolvemento da citada proba.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a súa conformidade á celebración da citada proba da Compa Galicia de Pump Track o día 1 de xuño, coa colaboración dos distintos Departamentos e Servizos Municipais.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2024/2015

En base ao informe emitido pola Coordinadora de Servizos Sociais, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor dos nenos/as da Escola Infantil Municipal do mes de ABRIL 2024, dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

- Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

Atención educativa: 17.002,85€

Comedor: 6.808,22€

- Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 10 de Agosto de 2023 en concepto de:

Atención educativa: 7.793,74€

En base ao anterior a Xunta de Goberno Local, acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes de abril de 2024.

Total a transferir á Escola Infantil Municipal do mes de ABRIL 24: 31.604,81 €, con cargo á partida 323.48007.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/1973

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal "Rosalía de Castro", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sermos Galiza SA para subscrición ó periodico Nós Diario para o ano 2024 (do 1 de xuño ao 31 de decembro), por un importe total de 175,00 €, con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1974

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal "Rosalía de Castro", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Micromedia SL para o subministro de 1.000 tarxetas preimpresas para os carnés de usuario da Biblioteca Municipal, por un importe total de 360,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SANIDADE

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2024/1956

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, para a realización do programa de campamento urbano de verán: Ecoartístico, Medioambiental e Multiaventura con 60 prazas (20 por campamento), dirixido a nenos/as nados/as entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2016)

Esta actividade campamental consiste no desenvolvemento dun programa socioeducativo e de lecer de apoio á infancia e á mocidade que ten entre os seus fins promover que os/as máis mozos/as poidan gozar de espazos seguros para o ocio e desfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas medioambientais, de coñecemento e protección e promoción do patrimonio natural, artístico e histórico de Vilagarcía e a súa contorna. Ao mesmo tempo, preténdese facilitar a conciliación das responsabilidades familiares, persoais e profesionais que garanta a igualdade de oportunidades.

Do total das prazas ofertadas, 6 serán de adxudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do concello, repartidas dúas por campamento.

Os campamentos desenvolveranse nas seguintes quendas de xullo e agosto de 2024 e nas seguintes instalacións ademais de na Illa de Cortegada, Castroalobre; parques e xardíns, praia Compostela e outros puntos da contorna natural de Vilagarcía:

CAMPAMENTO ECOARTÍSTICO

Quenda do 3 ao 16 de xullo (de luns a venres)

Horario: de 9.00 a 14.00 h

Prazas: 20

Lugar: Seminarios do Auditorio e espazos naturais e da contorna de Vilagarcía

CAMPAMENTO MEDIOAMBIENTAL

Quenda do 17 ao 31 de xullo (de luns a venres)

Horario: de 9.00 a 14.00 h

O día 25 de xullo é festivo e polo tanto non haberá actividade.

Prazas: 20

Lugar: Seminarios do Auditorio e espazos naturais e da contorna de Vilagarcía

CAMPAMENTO MULTIAVENTURA

Quenda do 1 de agosto ao 14 de agosto (de luns a venres)

Horario: de 9.00 a 14.00 h

Prazas: 20

Lugar: Seminarios do Auditorio e espazos naturais e da contorna de Vilagarcía

Nota.: as actividades dos campamentos (Naturarte verán 24) poderán variar en función das condicións climatolóxicas.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. A aprobación das bases públicas no servizo de Campamentos Urbanos de verán: Ecoartístico, Medioambiental e Multiaventura de Xuventude.

2.A adxudicación a D. Luis Angel Gómez Suarez (Corticata Turismo Medioambiental) o servizo de monitoraxe e desenvolvemento do programa, por un importe total de 11.550,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22624, de conformidade coa oferta presentada.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada.

3. A colaboración puntual por parte da Policía Local e de Protección Civil en algúns dos desprazamentos. Tales desprazamentos serán indicados por escrito antes do comezo de cada unha das actividades campamentais.

Lembrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2024/1962

Dado os vindeiros eventos celebrados tradicionalmente na época estival,(Festivala 2024, Alen metal festival....) , nas próximas datas coa conseguinte aglomeración de xente. pola Concellería de Turismo propónse a compra de 2.700 vasos E30 ECF Translúcido 1 tinta, dos cales 2000 son de 330 ml, 200 de 500 ml , 300 vasos baixo sidra, 200 vasos litrona de 900 ml co obxecto de velar polo Medio ambiente para repartilos nos eventos con esas características

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento remitido pola empresa DISTRILEMA LIMPIEZA E HIGIENE INDUSTRIAL por unha cantidade de 1.529,10 € (IVE excluído), dando un importe total de 1.850,21 € (IVE incluído) para o citado subministro, con cargo á partida 432.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1977

Dáse conta da proposta da Concellería de Turismo, de participación do Concello de Vilagarcía de Arousa na Feira FESTUR2024, en Silleda, cun stand gratuito, co fin de promocionar Vilagarcía de Arousa como destino turístico.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/1983

Co Club Arousa Bike BTT vai celebrar no recinto de Pump Track do noso concello, o 1º GP VILAGARCÍA o vindeiro 1 de xuño, que é unha proba auspiciada pola Federación Galega de Ciclismo e puntuable para a Copa de Galicia.

A Fundación de Deportes de Vilagarcía xa está a colaborar coa federación na organización e

promoción deste campionato que, sen dúbida, traerá a Vilagarcía moitos deportistas e numeroso público.

Co obxecto de procurar un ambiente máis animado no evento e de que o público poida estar informado da orde de saída dos participantes e das clasificacións, e de ter un bo espazo no que realizar a entrega de premios, preténdese contratar un camión escenario ríxido.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por TITO LEAS SL (B56314610), por un importe total de 2.662 € (IVE engadido), con cargo á partida 432.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2028

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Prosegur Servicios Integrales de Seguridad SL para a prestación do servizo de seguridade o día 30 de maio con motivo da celebración da Xornada de Mobilidade (de 20:00 horas do 30 de maio a 8:00 do 31 de maio), por un importe total de 407,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2024/1924

Mediante Resolución de transferencias, do 17 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade foron transferidos os fondos asignados aos Concellos para o exercicio 2023 (BOE 20 de xullo de 2023). Esta resolución recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 24.288,28 €.

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde á Área de Igualdade-CIM.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2023 e o 30 de xuño de 2024 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2024. A prevención da violencia machista constitúe unha liña transversal e prioritaria para a Área de Igualdade-CIM, que se materializa en diferentes intervencións orientadas a traballar, dende idades cada vez máis temperás, a igualdade entre homes e mulleres como estratexia de prevención e de promoción dunha sociedade máis xusta e equitativa e complementar a labor desenvolvida polo persoal docente nas aulas.

Pola Área de Igualdade propónse continuar coas campañas de prevención das violencias machistas e de sensibilización en igualdade nos centros educativos. Nesta ocasión focalizando a intervención nas idades máis temperás, infantil e primeiro ciclo da primaria, pois dada a enorme relevancia social dos estereotipos e dos roles de xénero, é moi recomendable comezar a traballar estas temáticas dende moi cedo.

A campaña vai consistir na publicación de 1000 exemplares do libro “Os Bolechas” personalizados para os centros educativos de Vilagarcía. da máis destas personaxes trataráremos de:

- poñer en valor a importancia dos coidados, como concepto que da conta da vulnerabilidade de

todos os seres humanos, e polo tanto da nosa interdependencia.

- visibilizar como teñen sido tradicionalmente as mulleres as encargadas destas tarefas básicas para o sostemento da vida.
- reforzar a relación entre autocoidarse e tecer redes de coidados coa prevención da violencia de xénero.

A vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para Guionización, deseño, edición e impresión do libro “Os Bolechas “ por un importe total de 6.500,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615:

Proveedor	Datos fiscais	Servizo a Prestar	Orzamento
BOLANDA EDICIONES Y MARKETING	B15969066	- 1000 exemplares libros	6.500,00€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1929

Cumprindo cos obxectivos do IV Plan de Igualdade, que especifica na súa área III a realización de accións de sensibilización e visibilización das diversidades afectivo sexuais e identitarias para contribuir á normalización do colectivo, propónse pola Area de Igualdade CIN:

- A compra de 300 camisetas para repartir entre os servizos do Concello e facer visible os dereitos e a plena integración do colectivo LGTBI + na sociedade.
- Proxección da película : Te estoy amando localmente 26 de xuño no Salón García.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, por un importe total de 2.879,80 €, con cargo á partida 2312.22610, coa seguinte desagregación:

PROVEDOR	SERVIZO A PRESTAR	ORZAMENTO
JUAN PIÑEIRO BERNARDEZ 36047397A	300 camisetas impresas "Vilagarcía diversa e Orgullosa"	2.395,80 €
CINE CLUB ADEGA -G36018513	Proxección película "Te estoy amando locamente"	484,00 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/2027

Pola directora do CIM do Concello de Vilagarcía de Arousa da conta á XGL da recepción dun requerimento da Dirección Xeral de promoción da Igualdade para modificar a conta xustificativa correspondente á subvención para o mantemento do CIM do ano 2023, nos seguintes aspectos:

- Incorporar nos postos de dirección , atención psicolóxica e axente de igualdade a data de pagamento da cota patronal do mes de marzo de 2024, na data na que se presentou a xustificación dita cota non estaba aínda pagada.
- Corrixir a suma do importe bruto da nómina e mais da cota patronal do posto de axente de igualdade correspondente ao mes de marzo de 2024, para que coincida co total imputado.
- Diferenciar os gastos do posto de asesoramento xurídico por anualidades.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar novamente a conta xustificativa correspondente á subvención concedida para o mantemento do CIM do ano 2023, de conformidade co requirimento feito pola Dirección Xeral, cos seguintes datos:

CONTA XUSTIFICATIVA – SUBVENCIÓN MANTEMENTO CIM 2023

- No 2023, para o mantemento do CIM se lle deu a este Concello unha subvención da Secretaría Xeral da Igualdade po importe de 45.000,00€

- Polo servizo se cumpriu coa finalidade da subvención.

- Se realizaron os gastos que se relacionan nesta conta xustificativa:

ANUALIDADE 2023

JULIA BARBOSA SÁNCHEZ - DIRECCION CIM	Retribucións integras	data pagamento	cotizacións (empresa)	sociais	data pagamento	Total período 1
abr-23	3582,16	26/04/2023	1314,64		31/05/2023	4896,80
may-23	3582,16	26/05/2023	1314,64		30/06/2023	4896,80
jun-23	6816,05	27/06/2023	1314,64		31/07/2023	8130,69
jul-23	3582,16	28/07/2023	1079,73		31/08/2023	4661,89
ago-23	3582,16	29/08/2023	1079,73		29/09/2023	4661,89
sep-23	3582,16	27/09/2023	1079,73		31/10/2023	4661,89
oct-23	3773,71	26/10/2023	1085,04		30/11/2023	4858,75
nov-23	3599,73	28/11/2023	1085,04		29/12/2023	4684,77
TOTAIS	32.100,29		9.353,19			41.453,48

JOSE M. VALDIVIA MORENO PSICÓLOGO	Retribucións integras	data pagamento	cotizacións (empresa)	sociais	data pagamento	Total período 1
abr-23	1289,93	26/04/2023	474,68		31/05/2023	1764,61
may-23	1289,93	26/05/2023	474,68		30/06/2023	1764,61
jun-23	2478,49	27/06/2023	474,68		31/07/2023	2953,17
jul-23	1289,93	28/07/2023	389,86		31/08/2023	1679,79
ago-23	1309,76	29/08/2023	395,59		29/09/2023	1705,35
sep-23	1309,76	27/09/2023	395,59		31/10/2023	1705,35
oct-23	1379,20	26/10/2023	397,53		30/11/2023	1776,73
nov-23	1316,19	28/11/2023	397,53		29/12/2023	1713,72
TOTAIS	11.663,19		3.400,14			15.063,33

ADRIANA BELOSO RODRIGUEZ AXENTE IGUALDADE	Retribucións integras	data pagamento	cotizacións (empresa)	sociais	data pagamento	Total período 1
abr-23	3175,27	26/04/2023	1169,26		31/05/2023	4344,53
may-23	3175,27	26/05/2023	1169,26		30/06/2023	4344,53
jun-23	6116,12	27/06/2023	1169,26		31/07/2023	7285,38
jul-23	3175,27	28/07/2023	960,33		31/08/2023	4135,60
ago-23	3175,27	29/08/2023	960,33		29/09/2023	4135,60
sep-23	3175,27	27/09/2023	960,33		31/10/2023	4135,60
oct-23	3344,95	26/10/2023	-1613,33		30/11/2023	1731,62
nov-23	3190,80	28/11/2023	-1797,50		29/12/2023	1393,30
TOTAIS	28.528,22		2.977,94			31.506,16

ANUALIDADE 2024

JULIA BARBOSA SÁNCHEZ - DIRECCION CIM	Retribucións integras	data pagamento	cotizacións (empresa)	sociais	data pagamento	Total período 2
dic-23	6849,47	21/12/2023	1085,04		31/01/2024	7934,51
ene-24	3685,75	29/01/2024	1114,73		29/02/2024	4800,48
feb-24	3962,49	26/02/2024	1120,13		27/03/2024	5082,62

mar-24	3703,62	27/03/2024	1120,13	30/04/2024	4823,75
TOTAIS	18.201,33		4.440,03		22.641,36
JOSE M. VALDIVIA MORENO - PSICÓLOGO	Retribucións integradas	data pagamento	cotizacións (empresa)	sociais data pagamento	Total período 2
dic-23	2522,89	21/12/2023	397,53	31/01/2024	2920,42
ene-24	1316,19	29/01/2024	398,75	29/02/2024	1714,94
feb-24	1416,47	26/02/2024	400,68	27/03/2024	1817,15
mar-24	1322,57	27/03/2024	400,68	30/04/2024	1723,25
TOTAIS	6.578,12		1.597,64		8.175,76
ADRIANA BELOSO RODRIGUEZ- AXENTE IGUALDADE	Retribucións integradas	data pagamento	cotizacións (empresa)	sociais data pagamento	Total período 2
dic-23	6146,03	21/12/2023	-1889,59	31/01/2024	4256,44
ene-24	3190,80	29/01/2024	-1886,64	29/02/2024	1304,16
feb-24	3486,33	26/02/2024	-1710,65	27/03/2024	1775,68
mar-24	3256,35	27/03/2024	-1895,70	30/04/2024	1360,65
TOTAIS	14.334,8		4.235,61		8.696,93

- Que asemade se realizaron os gastos de contratación externa dunha avogada, para realizar as funcións de asesoría xurídica, que de seguido se detallan:

CONTRATACIÓN EXTERNA

posto/nome	Nº factura	Importe	Data emisión	Data pago/ recoñ. obriga
Ase.Xuríd./ Padrón	María Pérez			
Anualidade 2023				
abr-23	05/23	1041,81	30/04/23	19/05/23
may-23	07/23	1041,81	31/05/23	15/06/23
jun-23	08/23	1041,81	30/06/23	20/07/23
jul-23	09/23	1041,81	31/07/23	24/08/23
ago-23	10/23	1041,81	31/08/23	15/09/23
sep-23	11/23	1041,81	30/09/23	19/10/23
oct-23	12/23	1041,81	31/10/23	14/11/23
nov-23	13/23	1041,81	30/11/23	21/12/23
Anualidade 2024				
dic-23	14/23	1041,81	31/12/23	01/02/24
ene-24	01/24	1041,81	31/01/24	15/02/24
feb-24	02/24	1041,81	29/02/24	18/03/24
mar-24	03/24	1041,81	01/04/24	08/04/24

CULTURA

PRP2024/1912

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Veciñal O Souto, por un importe total de 1.799,15 €:

Provedor	Importe	Partida	concepto
CASTROMAN SL	455,00	334.6250	Plancha gas
	500,00	0	Forno
	180,00	334.6250	Freidora eléctrica
	185,00	0	Restomaterial segundo orzamento

		334.6250 0 334.2270 3	
COFRIVI SL	479,16	334.6250 0	Muiño café MAKEXPRES modelo mc-20

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/1959

Vista a solicitude de D. German Manuel Torres de Aboal como Presidente e irmán maior da Confraría do Santísimo Sacramento da Parroquia Santa Baia de Arealonga, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade do Día de Corpus o vindeiro día 2 de xuño de 2024:

- Actuación da Agrupación coro Parroquial Santa Eulalia por un importe de 335,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/1960

Vista a solicitude de Asociación Cultural San Pedro dos Duráns, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Pedro en Os Duráns os vindeiros días 28, 29 e 30 de xuño de 2024:

- Actuación da Agrupación folklórica Froallo por un importe de 391,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/1961

Vista a solicitude da Asociación Cultural San Miguel Arcangel, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun serán na Praza de San Miguel de Trabanca Badiña o día 29 de xuño de 2024:

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa (Gaitas) por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2024/1937

